



CASAS  
MUSEO



# CASAS MUSEO

CASARES  
QUIROGA



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña

# QUE IDES VER?

A casa conta con planta baixa e tres pisos:

## Planta baixa (1)

Está destinada a sala de exposicións temporais.  
Ten ademais acceso ao xardín.



Escalaera de acceso  
ao museo.

## Primeira planta (2)

A primeira planta é un percorrido pola II República,  
ademais de recrear unha parte do seu fogar.

## Zona superior (3)

Unha pasarela achéganos á zona superior do xardín onde  
se realizan concertos e outros actos de tipo cultural.

## Segundo andar (4)

O Segundo andar alberga a biblioteca e unha sala  
dedicada a Esther Casares.

## Terceira planta (5)


A terceira planta está dedicada integralmente  
a María Casares.



Detalle da cadeira  
de brazos de Azara  
e busto de Casares  
Quiroga no primeiro  
andar.



Actividades na biblioteca  
da segunda planta.



Vista  
integr



(3)

da terceira planta dedicada  
amente a María Casares.

Exposición realizada durante o centenario de  
María Casares. Sala de exposiciones temporais.



Concerto de Thibault Cauvin no  
xardin. Festas de María Pita 2022.

# SANTIAGO CASARES QUIROGA

Santiago Casares Quiroga naceu na Coruña en 1884 no seo dunha familia republicana. Estudou Dereito en Santiago de Compostela e doutorouse en Madrid.

Foi concelleiro e tenente alcalde desde 1912 ata 1920 no Concello da Coruña. Cando o 14 de abril de 1931 se proclamou a República, Santiago Casares foi nomeado ministro da Mariña, en 1932 ministro da Gobernación e, en 1936, presidente do Goberno e ministro da Guerra.

Despois do levantamento fascista, tivo que exiliarse a Francia, onde xa o esperaban a súa muller e a súa filha María. Peor sorte tivo a súa filha maior, Esther, a quen a guerra a sorprendeu na Coruña e tivo que soportar cárcere e persecución, ata que en 1954 partiu a México.

Durante a ocupación nazi, Santiago Casares abandonou París e estableceu nas proximidades de Londres. Realizou numerosas viaxes a Suíza debido á tuberculose que padecía.

Faleceu en París en 1958.



Santiago Casares Quiroga, 1922.  
ARG, Familia Casares Quiroga.  
C-44903/115.



Ondeando a bandeira republicana no balcón do Concello da Coruña. Arquivo do Reino de Galicia. Fotografía 3825.

Detalle do xardín coa figura de Santiago Casares.



*É necesario facer cidadáns, homes libres que vaian detrás dunha idea e non dun home.*

*Procuro ter sempre o coñecemento das cousas para poñerles remedio: oportuno se chega a tempo, rápido a ser posible, enérgico sempre que o merece.*

*O primeiro que hai que combater é o escepticismo.*



A familia Casares Quiroga rodeada de amizades no salón biblioteca. Foto Cancelo. 28-3-1931. Biblioteca Municipal de Estudos Locais. PM-FGC/58.



O pobo e a República no salón de plenos do Concello coruñés. Arquivo da Real Academia Galega. Colección de fotografías.



CASAS  
MUSEO  
CASARES QUIROGA

# HORARIO

## Martes a sábado

11:00 a 13:30 h. - 18:00 a 20:00 h.

## Domingos e festivos

12:00 a 14:00 h.

## Luns pechado

Entrada de balde.

Rúa Panadeiras, 12  
15001 A Coruña  
Tel. 981 18 98 56

[casmuseo@coruna.gal](mailto:casmuseo@coruna.gal)

visita virtual: [www.coruna.gal/cultura/gl/espazos](http://www.coruna.gal/cultura/gl/espazos)

Facebook: @museoshistoricoscoruna

Instagram: museoshistoricoscoruna

Twitter: @museos\_H\_coruna



Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña



**CASAS  
MUSEO**

MARÍA  
CASARES

A graphic element consisting of three nested, white, L-shaped brackets or picture frames is positioned diagonally across the text. The top bracket covers the word 'MUSEO', the middle one covers 'MARÍA', and the bottom one covers 'CASARES'.

# QUEN É MARÍA CASARES?

A Coruña, 1922 - París, 1996. María Victoria Casares Pérez, filla de Santiago Casares, exiliouse a Francia tras a sublevación militar e só volveu despois de morrer Franco. Expresiva, intelixente, conversadora, atractiva, tímida, dunha gran mestria interpretativa, amiga de Picasso, Sartre, Alberti... Comezou no teatro independente e formou parte da Comedia Francesa; despois, do Teatro Nacional Popular, co que percorreu medio mundo. O teatro sempre estivo por encima do cinema, pero as súas aparicións neste último son inesquecibles. En Francia, recibiu os premios Molière e Nacional de Teatro. O Goberno español concedelle a Medalla ao Mérito en Belas Artes e a Xunta de Galicia a Medalla Castelao.

Dende 1996, os galardóns anuais das actrices e os actores galegos teñen o nome de Premios María Casares. Legoulle a súa casa de Alloe (Francia) ao Concello, que se converteu na Casa dos Actores.

L'Écran français, nº 263.  
17 de xullo de 1950.



Cando cheguei a París todo era donxoanismo e aventura. Sentin o exilio moi máis tarde e decateime de que, cando unha está exiliada unha vez, estao para sempre.

Escríbin a parte da infancia galega nunha soa noite. Botei todo fóra: os olores, as xentes, as sensacións, a paisaxe... E non o toquel. A pesar de que aos 14 anos tiven que refacerme a miña mesma, a infancia nunca nos abandona. Se queres seguir soñando e vivindo con intensidade, non podes deixar de ser a nena que fuches.

Porque vivimos en función de futuro. E o futuro é noso. Só noso. Nese futuro noso, eu véxome en Galicia, polos camiños de Galicia, representando o meu pobo e dándolle a el o mellor do meu espírito.



Maria Casares, 1926. ARG,  
Familia Casares Quiroga, C-44903/77.

Maria Casares